

NON QUERO IR Ó MUIÑO

1

Non quero ir ó muíño
nin varre-lo tremiñado
que despois no outro mundo
preguntan polo roubado.

2

Alegría no inferno
que morreu o escribano
e a tinta mailo tinteiro
quedan na mesa bailando.

3

Tres cousas che cómpren vila
se un preito queres gañar:
ter razón, saber dicila
e máis que cha queiran dar.

4

Este pandeiro que toco
é de coiro de xués;
Toca pandeiriño toca
que ben duro o coiro tes.

♩ = 120



Non que - ro ir ó mu - í - ño ____



nin va - rre - lo tre - mi - ña - do



que des - pois no ou - tro mun - do



pre - gun - tan po - lo rou - ba - do.